

As Covas:
Portas
a outros
mundos

II XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO
PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE
Eirós (Triacastela), Valdavara (Beceerreá) e Valiña (Castroverde)

CAVIDADES CALCARIAS



FICHA TÉCNICA DA EXPOSICIÓN

TEXTOS

Arturo Lombera, Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta, Mª Ofelia Carnero, Ramón Fábregas.

FOTOGRAFÍAS

Museo Provincial de Lugo, Carlos Fernández, Arturo Lombera, GEPN-AAT, Xeoparque do Courel, Concello de Mondoñedo, Augusto Pérez-Alberti, M. Vaquero e S. Alonso.

MONTAXE

Departamento de Arqueoloxía do MPL.

PATROCINA E ORGANIZA



COLABORA



AS CAVIDADES CALCARIAS EN GALICIA

As zonas calcarias son de grande importancia para o estudo da Prehistoria. Estas rochas son fortemente afectadas por procesos de disolución xerando numerosas morfoloxías, dende galerías e covas nas profundidades (formas endocársticas), a lapiaces ou dolinas na superficie (formas exocársticas). A cavidade con maior desenvolvemento de Galicia é a do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo), cuns 6,5 km de galerías. No Courel atopamos espectaculares formas exocársticas (Val das Mouras) e numerosas cavidades e simas onde se poden observar singulares formacións de espeleotemas e restos fósiles de fauna cuaternaria.

Pola contra, estas formacións ocupan unha extensión moi reducida do noso territorio, apenas acadando un 0,5% da superficie total. Aparecen en estreitas franxas concentradas na metade oriental da provincia de Lugo e ó NE da provincia de Ourense. En Galicia atopámonos tres formacións principais:

- Caliza de Vegadeo (Cámbrico inferior): a de maior extensión e a que presenta os afloramentos máis espesos e continuos. As cavidades de Valdavara 1 e 3 pertencen a esta formación.

- A Caliza de Cándana, (Cámbrico inferior): aparece en lentellóns carbonatados e intercalados entre as pizarras. Nestas formacións atópanse os xacementos de Cova Eirós e Cova da Valiña.

- A Caliza de Aquitania, (Ordovícico superior): e a de menor extensión debido á súa orixe arrecifal.


A súa relevancia para o estudo da Prehistoria radica en varios aspectos.

En primeiro lugar, permiten a formación de cavidades e espazos de refuxio para os animais e os grupos humanos.

En segundo lugar, as condicións do pH, temperatura e humidade que atopamos no interior das covas son as idóneas para a conservación dos restos orgánicos (nomeadamente os óseos), dos propios restos humanos (Valdavara 1, Chan do Lindeiro) e incluso o seu ADN antigo. No interior das cavidades tamén podemos estudar os espeleotemas (estalactitas, estalagmitas, etc.) que nos dan información sobre o seu proceso de formación, así como da evolución das condicións paleoambientais.

Finalmente, os recheos sedimentarios que atopamos no seu interior están protexidos dos procesos erosivos da intemperie polo que permite, na maioría dos casos, unha excelente conservación dos rexistros arqueolóxicos.

Estas condicións excepcionais favorecen tamén a conservación das manifestacións artísticas tanto pintadas como gravadas. En Cova Eirós atopamos as primeiras pinturas paleolíticas de Galicia que nos achegan ao mundo simbólico e ritual das comunidades de cazadores-recolletores de fai 10,000 anos. Pero tamén, na Cova dos Mouros (Baleira), nun afloramento cuarcítico, atopamos pinturas esquemáticas das primeiras sociedades produtoras do Neolítico.



A) Distribución das bandas calcarias en Galicia. Fotografía: Augusto Pérez-Alberti. B e C) Fotos do interior da Cova do Rei Cintolo (Concello de Mondoñedo). D,E,G) Espeleotemas (estalactitas e estalagmitas) na Cova da Arcoia (Xeoparque Courel). F) Karst superficial de Val das Mouras. H) Coladas das Covas de Vale, Baralla.



Arte Paleolítico de Cova Eirós. A) Gran Sala de Cova Eirós. B) Cabeza de cabalo pintada en negro. C) Gravado xeométrico. D) Bóvido gravado. E) Cabeza de bóvido pintada en negro.

A ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA

As cavidades calcarias son grandes arquivos que rexistran a historia xeolóxica da súa formación, a evolución das condicións paleoambientais e aportan un rexistro arqueopaleontolóxico de excepcional calidade. Á diferenza dos terreos ácidos dominantes en Galicia, as cavidades do oriente galego son á única oportunidade que temos para coñecer e reconstruír a evolución da fauna cuaternaria, pero tamén das estratexias de subsistencia (caza, carroñeo) dos homínidos que habitaron o Noroeste peninsular dende fai, cando menos, 100.000 anos.

A escavación arqueolóxica é a metodoloxía aplicada para a recuperación de toda a información contida nos xacementos mediante a súa relación espacial, dende os restos óseos, líticos, cerámicos ata a información contextual contida nos sedimentos: estratigrafía, microfauna, pólenes, datacións radiométricas, etc.



Proceso de escavación arqueolóxica. Cova Eirós

PARA SABER MÁIS



COVA DO REI CINTOLO

Visitas: <http://www.concellomondonedo.es>


Facebook: Cova Rei Cintolo



XEOPARQUE DO COUREL

Museo Xeolóxico de Quiroga:
<http://museogeologicoquiroga.blogspot.com/>

Centro de Interpretación das Covas (Meiraos, Folgoso do Courel)



FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

<http://www.espeleoloxia.org>

COVA EIRÓS

Cova Eirós é unha cavidade de algo máis de 300 metros de percorrido situada no macizo do Monte Penedo, na conca do río Oribio, a uns 785 m.s.n.m. (Triacastela, Lugo). O sistema cárstico ábrese nas calizas de Cándana, do Cámbrico inferior.


No seu interior atópanse os restos de numerosos espécimes de *Ursus spelaeus* que usaron a cova como lugar de hibernación e cría fai entre 30.000 e 20.000 anos. Na súa entrada, as escavacións arqueolóxicas revelaron a existencia dunha longa ocupación antrópica que abrangue dende o Paleolítico Medio ata a época Altomedieval.

Localización de Cova Eirós.


A) Topografía da cavidade.

B) Localización da boca no macizo de Monte Penedo.

C) Localización en relación ao Val de Cancelo.



Cova Eirós 2017
Perfil W
Línea D



Perfil estratigráfico de Cova Eirós

O recheo sedimentario da entrada ten unha profundidade de 3,5 metros, dos que só foron escavados 1,5 m. Identificáronse seis niveis arqueolóxicos principais que abranguen os derradeiros 50.000 anos.

AS OCUPACIÓNS PALEOLÍTICAS



Materiais líticos e fauna do nivel 3

Os primeiros grupos de *Homo sapiens* que habitaron no Noroeste chegaron fai 35.000 anos (Nivel 2), cunha nova tecnoloxía. Se ben facían tamén ferramentas en cuarcitas e seixos locais, para a realización de laminiñas (ou folliñas) coas que elaborar as súas puntas de proxectil precisaban de material de mellor calidade: o sílex e o cristal de rocha. Material que tiñan que importar dende varios kilómetros de distancia (15-25 km). Tamén utilizaron a cova como apostadeiro, que ocupaban durante poucos días. As especies representadas son semellantes ás anteriores, salientando a presenza de *Panthera pardus*.



Materiais líticos e mandíbulas de corzos dos niveis do Paleolítico Superior.

Cova Eirós é unhas das escasas cavidades peninsulares que contén restos de ocupacións do Paleolítico Medio (Niveis 4 e 3) e outras máis recentes do Paleolítico Superior, relacionadas xa con individuos de nosa propia especie (Niveis 2, 1 e B). Os achados amosan as diferenzas tecnolóxicas e as distintas estratexias de supervivencia entre estas dúas especies humanas.

Os restos dos niveis 3 e 4 correspóndense cos últimos grupos de *H. neanderthalensis* que habitaron o norte peninsular, fai 42.000 anos. As ocupacións son curtas, de varios días, onde procesaban os animais que cazaban, as súas peles e facían pequenos fogares (Nivel 4). Para a fabricación das súas ferramentas usaban os cantos de seixos e cuarcitas dispoñibles nos leitos inmediatos. Para a fabricación de obxectos máis complexos, lascas e puntas *Levallois* ou discoidais, requirían de cuarcitas e seixos de excelente calidade. Cazaban principalmente herbívoros como *Cervus elpahus*, *Bison sp.*, *Capreolus capreolus*, *Rupicapra rupicapra*, pero tamén se atopan restos de rinoceronte lanudo (*Coelodonta sp.*) e carnívoros como as hienas (*Crocuta crocuta*) que usaban a cova coma cubil.



Azagaia decorada cun motivo en zig-zag múltiple

Xunto cos seus obxectos e ferramentas de uso cotiá, atopamos os restos de arte moble como o colgante feito sobre un canino de raposo (Nivel 1, 26.000 anos) ou unha azagaia que presenta un motivo en zig-zag composto en ámbalas súas caras.


A Cova é abandonada, tanto polos humanos como polos animais, nos momentos máis rigorosos da última glaciación definida por un clima moi frío e seco. Cando as condicións climáticas atemperan, volve a ser ocupada por grupos do Aziliense, fai 14.000 anos.

As covas:
Portas
a outros
mundos

II XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO
PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE
Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e Valiña (Castroverde)

COVA EIRÓS

A ARTE RUPESTRE DO PALEOLÍTICO SUPERIOR



Principais motivos zoomorfos da arte rupestre de Cova Eirós.

A) Bóvido e cérvido.

B) Équido.

C) Bóvido.

D) Zoomorfo pintado en negro e pequeno animal gravado (en vermello).

O interior de Cova Eirós conserva a primeira Arte Rupestre Paleolítica atopada no Noroeste da Península Ibérica. A maioría das manifestacións son gravados e pinturas en negro, para as cales usaron carbón vexetal como pigmento. Representan siluetas de animais (Bóvidos, équidos, caprinos), signos, liñas de puntos ou marcas que nos aproximan ao mundo simbólico e ritual dos *Homo sapiens*. As datacións radiocarbónicas indican unha antigüidade de, cando menos, 9.000 anos.

AS OCUPACIÓNS DAS SOCIEDADES PRODUTORAS

Cova Eirós tamén contén evidencias de ocupacións da época do Neolítico, Calcolítico, Idade do Bronce e Altomedieval.

Durante a Prehistoria recente o interior da cavidade foi utilizado como lugar de enterramentos, recuperándose varios restos óseos humanos e adornos. Na entrada atopamos tamén restos cerámicos do Neolítico (cerámica cardial e campaniforme) que poderían indicar a existencia de enterramentos nesta zona.

Nos séculos X-XI d.C. a cova foi usada coma lugar de almacenaxe, salientando dous silos que contiñan sementes de distintas especies de trigo e liño. A olaría correspóndese con grandes formas pensadas para o acopio de alimentos.

As Covas: Portas a outros mundos

IX XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO
PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE
Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e Valiña (Castroverde)

COVA DA VALIÑA

TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS

A pesar da importancia dos restos aparecidos, os traballos arqueolóxicos tardarán case dúas décadas en chegar con cadansúas campañas realizadas en 1987 e 1988, baixo a dirección de César Llana e María José Soto Barreiro, acompañados dun nutrido equipo de investigadores e arqueólogos, traballos que se continuaron en 1992. Ambas as etapas deron lugar á aparición dun interesante material lítico e paleontolóxico, depositado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, así como á publicación dos pertinentes, estudos e análises sobre industria lítica, fauna e poles, asinados maioritariamente por César Llana Rodríguez, Carlos Fernández Rodríguez e Pablo Ramil Rego.



Fig. 5.- Portada da publicación dos resultados das campañas de 1987 e 1988. *Memorias arqueolóxicas da Xunta de Galicia.*

Fig. 6- Traballos arqueolóxicos da escavación da cova. *Fotografía: Carlos Fernández.*




LOCALIZACIÓN

Situada no municipio de Castroverde, a Cova da Valiña ábrese ao NNE do Monte da Croa, preto da poboación de Bolaño, nuha ladeira á 620 m.s.n.m.

Localización da Cova da Valiña.

Fig. 1. A Cova da Valiña, ao norte de Castroverde, no monte da Croa (Cartografía SITGA)

Fig. 2. Idem. En vista cenital aérea.



DESCUBRIMENTO

Descubriuse de maneira accidental en 1962 por un veciño de Bolaño, Darío Trashorras, quen abriu unha canteira con dinamita, producíndose un derrubamento coa aparición dun importante conxunto de restos óseos que se depositaron no Museo Provincial de Lugo de maneira case inmediata e que deron lugar a unha breve recensión por parte do seu director D. Manuel Vázquez Seijas en 1965,

Fig 3. Entrada da cova no momento actual e interior da mesma. *Fotografía: Carlos Fernández.*



Fig. 4. Don Manuel Vázquez Seijas, director do Museo Provincial de Lugo, diante da entrada da mesma ao pouco do seu achado (Fotografía tomada de VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1965/1966) "La cueva de La Valiña". *Boletín da Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Lugo*, VIII, nº 63/66; 25-30)



DATACIÓN E MATERIAIS NO MPL

A industria lítica, testemuño da presenza e actividade humana concéntrase nun único nivel de ocupación con industria Chatelperronense / Perigordense (36.000 / 32.000 BP), que abre o Paleolítico Superior, predominando os burís, raedeiras, coitelos de dorso e truncados, sendo este da Valiña, o xacemento chatelperronense máis occidental documentado, nun momento, doutra banda, de tránsito entre os neandertales e os sapiens.

En canto ao material paleontolóxico é fundamental o conxunto rescatado no momento da descuberta da cova, en óso e hasta, cos que fundamentalmente se realizaron azagaia de diversos tipos: monobiseladas, apuntadas, simples. Tipos, por outra banda, encadrables nos períodos Aurinaçense e Magdalenense (30.000 / 10.000 BP) e, por tanto, de cronoloxía posterior á do material lítico. Esta discrepancia cronolóxica plantea o problema dun posible nivel máis moderno do que non se ten constancia e que puido ser destruído pola detonación.



Fig. 7. Materiais óseos. *Fotografía: Carlos Fernández.*

Fig. 8. Industria ósea. Azagaia da Valiña (CAO 4)


Fig. 9. Industria ósea. Azagaia da Valiña (CAO 1)



As Covas: Portas a outros mundos

II XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO
PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE
Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e Valiña (Castroverde)

COVAS DE VALDAVARA



COVAS DE VALDAVARA

Os xacementos de Valdavara constan de varias cavidades que abranguen unha completa secuencia de ocupacións do Pleistoceno superior, dende fai 110.000 anos. O sistema cárstico ábrese nas calizas de Vegadeo, do Cámbrico inferior-medio.

Neste senso diferéncianse dúas localizacións situadas no monte de Cruzul: as cavidades de Valdavara 1 e 2, a media ladeira; e no cumio o xacemento de Valdavara 3, descuberto nunha fronte de explotación mineira.


OS ENTERRAMENTOS DE VALDAVARA 2 E 1

Como noutras cavidades galegas (Palda da Vella, Cova da Santo, Cova Eirós), a partires do Neolítico as cavidades deixan de ser espazos usados preferentemente como lugar de hábitat, para converterse nun lugar de enterramento.

Nunha pequena apertura de Valdavara 2 localizouse cráneos e outros restos óseos de ao menos tres individuos infantís. Os nenos tiñan unhas idades de 6-9 meses, e outro de tres anos de idade. Non se atoparon restos materiais ao seu redor, pero as datacións sitúan este enterramento na Idade do Bronce (II Milenio AC).

Nos niveis superiores de Valdavara 1 os numerosos restos humanos de pequeno tamaño como falanxes e dentes de varios individuos indican o uso reiterado desta cavidade como lugar de enterramento primario durante o Neolítico final-Calcolítico (III Milenio AC).

Fig. 3. A) Localización da boca de Valdavara 2. B) Vista anterior e lateral do cráneo infantil. C) Vista lateral dos temporais de dous individuos infantís. Fotografías: Manuel Vaquero e Susana Alonso (IPHES).



VALDAVARA 3

No ano 2009 comezaron as intervencións de urxencia na fronte da explotación mineira onde se atoparon numerosos restos fósiles. Este xacemento datado nos inicios do Pleistoceno superior (110.000 anos) é o de maior diversidade específica de todo o Noroeste, documentándose a presenza de máis de 40 especies de vertebrados. Segundo os estudos da microfauna, as condicións ambientais eran temperadas e húmidas, coa presenza de masas de auga nos arredores da cavidade.

Entre os grandes mamíferos cabe salientar a presenza de rinoceronte (*Stephanorhinus hemitoechus*), bisonte (*Bison priscus*), cabalo (*Equus ferus*), oso das cavernas (*Ursus spelaeus*), hiena (*Crocuta crocuta*), leopardo (*Panthera pardus*), león (*Panthera spelaea*), rebeco (*Capreolus capreolus*) entre outras.

Tamén recuperouse un escaso conxunto lítico en cuarcita e seixo, de características musterienenses. A presenza de ferramentas e de marcas de corte sobre algún dos ósos descubertos indicannos a concorrencia esporádica e oportunista de grupos de neandertais no interior desta cavidade. Seguramente, a cova funcionaba como unha trampa natural onde caían os animais que os humanos, alertados polos seus ruxidos ou cheiro, logo aproveitaban.

Fig. 1. A) Localización de Valdavara 3 na fronte de explotación. B) Metápodos de grandes mamíferos. C) Dente e corpolito de *Crocuta crocuta* e mandíbulas de *Panthera pardus* e *Panthera spelaeus*. D) Lascas en cuarcita e seixo. Fotografías: Manuel Vaquero e Susana Alonso (IPHES).



AS OCUPACIÓNS PALEOLÍTICAS DE VALDAVARA 1

Valdavara 1 é unha pequena cavidade de apenas 5 metros de profundidade que ofrece un reducido espazo de abrigo, uns 15 m². A boca localízase a uns 120 m sobre o río de Cruzul, tributario do Navia. Na secuencia estratigráfica de 1,5 m de potencia distínguense dous conxuntos: o superior se corresponde coa Prehistoria recente (Niveis 1-3); o inferior contén unha sucesión de ocupacións do Magdalenense inferior-medio, cunha antigüidade entre 16.800 e 18.700 anos, e unhas condicións paleoambientais máis frescas que as actuais (Niveis 4-6).

Nela atópanse restos de ocupacións reiteradas na cavidade con numerosos instrumentos líticos, laminiñas fabricadas en sílex e seixo de orixe local, restos de industria ósea (azagaias decoradas) e elementos de adorno. Neste senso, cabe salientar a presenza de cunchas de *Dentalium* de orixe mariño, o que indica a ampla mobilidade destes grupos de cazadores ou a existencia de contactos con aqueles da costa cantábrica. Ademais, aparece un dente de leite que, ata a data, é o resto humano máis antigo de Galicia.

No talude exterior da cavidade, coñecido como Valdavara 1-2, atopáronse as ocupacións Mesolíticas de inicios do Holoceno (fai 8.800 anos), con industrias en lascas de seixo e cuarcita.

Fig. 2. A-B) Localización de Valdavara 1, 1-2 e 3 na ladeira. C) Interior e estratigrafía de Valdavara 1. D) *Dentalium* dos niveis Magdalenenses. E) Fragmento de azagaia recuperado nos anos sesenta. Fotografías: Manuel Vaquero e Susana Alonso (IPHES).

